



## **CONCELLO DE NARON**

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DO INFORME SOBRE CRITERIOS DE AVALIACIÓN SOMETIDOS A UN XUÍZO DE VALOR E VALORACIÓN DOS MESMOS, PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE LIMPEZA XERAL, MANTEMENTO XERAL DOS TERREOS DE XOGO, SERVIZO DE CONTROL DE ACCESOS DO ESTADIO MUNICIPAL E CAMPO ANEXO E PEQUENOS TRABALLOS DE MANTEMENTO DO ESTADIO DE RÍO SECO-NARÓN.

Na Sala de Reunións da Casa do Concello, en cumprimento do previsto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares que regula a contratación do devandito servizo, reúnese a Mesa de Contratación formada por:

Presidenta: Dna. Marian Ferreiro Díaz (alcaldesa)

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández Canteli, secretario xeral da corporación

Dna. María del Pilar Canzobre Méndez, interventora xeral

D. Román Romero Franco, concelleiro de Deportes

D. Rafael Flores Veiga, administrador-xerente do Padroado de Deportes

Secretaria: Dna. Susana María Barbeito Míguez, xefa do Negociado de Obras en substitución do xefe da Sección de Contratación

As dez horas e trinta e cinco minutos do día dez de maio de dous mil dezaioito, a presidencia abre o debate sobre o informe emitido o día catro de maio de dous mil dezaioito polo técnico D. Rafael Flores Veiga en relación coas ofertas técnicas presentadas polo licitadores, do que resulta a ratificación dos criterios técnicos reflectidos no citado informe e o outorgamento das seguintes puntuacións:

ENTIDADE	PLAN DE XESTIÓN	MAQUINARIA	TOTAL PUNTOS
Clece SA	6,50	24,00	30,50
Manser SL	22,00	24,00	46,00
Jardinería Arce SL	10,50	18,00	28,50

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e corenta e cinco minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente acta, de cuxo contido eu a secretaria dou fe, asinando comigo a Sra. Presidenta e os demais membros da Mesa.



## CONCELLO DE NARON

---

Marian Ferreiro Díaz

Alfonso de Prado Fernández-Canteli

M. Pilar Canzobre Méndez

Rafael Flores Veiga

Susana María Barbeito Míguez